

MANIFESTO

Onte foi o día mundial dos dereitos dos animais. Dereitos que deben ser respectados en todos os países civilizados. Sen embargo, segue a ser preciso que centos de organizacións loiten polo seu cumprimento, mesmo do máis básico: o dereito á vida.

Máis de 10.000 persoas desta comarca, representadas polas súas sinaturas, piden un **REFUXIO** para animais abandonados. A Asociación COMETA segue na súa posición inicial ante esta situación, pensamos que as instalacións actuais de Mougá non atenden aos requirimentos mínimos para poder recibi-lo nome de **REFUXIO ou ALBERGUE**, xa que eso implica un centro onde os animais podan abrigarse, ter axuda, consolo, PROTECCIÓN.

Un lugar onde os animais non teñen espazo para pasear e onde non hai hospital para os animais enfermos, ... entre outras cousas, non pode recibir ese nome. Para merecelo debe ter instalacións axeitadas ás necesidades físicas e psicolóxicas dos animais, asistencia veterinaria nas propias instalación para posibles emerxencias, a posibilidade de socialización adecuada e recuperación psicolóxica, a promoción das adopcións e, por suposto, a abolición do sacrificio.

A pesar da nosa oposición á rehabilitación de Mougá, a canceira municipal estará operativa en breve. De acordo con funcionarios municipais, esta rehabilitación era a única opción para a necesidade urxente dun centro de recollida, pois ben, agora esa necesidade está cuberta, por iso nos reunimos ante este concello, queremos que melloren as instalacións, as amplíen e teñan en conta as necesidades reais dos animais. Máis de 10.000 persoas o esiximos.

Actualmente, o centro ten 39 canceiras dun máximo de 9 m², algunhas dedicadas ao almacenamento de gatos, animais feridos ou en corentena. Como canceira municipal, o concello está obrigado a recoller todos os animais abandonados dentro do mesmo. Con estas capacidade, en pouco tempo o centro estará Saturado. Non hai que facer moitos números para chegar á conclusión de que ou se aumenta la capacidade, ou nuns meses os sacrificios serán inevitables.

Todo o necesario para que estes sacrificios non se realicen é a vontade do Concello, e por iso estamos aquí, para reclamar uns dereitos legais, morais e éticos.

NON AOS SACRIFICIOS

MANIFESTO

Onte foi o día mundial dos dereitos dos animais. Dereitos que deben ser respectados en todos os países civilizados. Sen embargo, segue a ser preciso que centos de organizacións loiten polo seu cumprimento, mesmo do máis básico: o dereito á vida.

Máis de 10.000 persoas desta comarca, representadas polas súas sinaturas, piden un **REFUXIO** para animais abandonados. A Asociación COMETA segue na súa posición inicial ante esta situación, pensamos que as instalacións actuais de Mougá non atenden aos requirimentos mínimos para poder recibi-lo nome de **REFUXIO ou ALBERGUE**, xa que eso implica un centro onde os animais podan abrigarse, ter axuda, consolo, PROTECCIÓN.

Un lugar onde os animais non teñen espazo para pasear e onde non hai hospital para os animais enfermos, ... entre outras cousas, non pode recibir ese nome. Para merecelo debe ter instalacións axeitadas ás necesidades físicas e psicolóxicas dos animais, asistencia veterinaria nas propias instalación para posibles emerxencias, a posibilidade de socialización adecuada e recuperación psicolóxica, a promoción das adopcións e, por suposto, a abolición do sacrificio.

A pesar da nosa oposición á rehabilitación de Mougá, a canceira municipal estará operativa en breve. De acordo con funcionarios municipais, esta rehabilitación era a única opción para a necesidade urxente dun centro de recollida, pois ben, agora esa necesidade está cuberta, por iso nos reunimos ante este concello, queremos que melloren as instalacións, as amplíen e teñan en conta as necesidades reais dos animais. Máis de 10.000 persoas o esiximos.

Actualmente, o centro ten 39 canceiras dun máximo de 9 m², algunhas dedicadas ao almacenamento de gatos, animais feridos ou en corentena. Como canceira municipal, o concello está obrigado a recoller todos os animais abandonados dentro do mesmo. Con estas capacidade, en pouco tempo o centro estará Saturado. Non hai que facer moitos números para chegar á conclusión de que ou se aumenta la capacidade, ou nuns meses os sacrificios serán inevitables.

Todo o necesario para que estes sacrificios non se realicen é a vontade do Concello, e por iso estamos aquí, para reclamar uns dereitos legais, morais e éticos.

NON AOS SACRIFICIOS

DECLARACIÓN UNIVERSAL
DOS DEREITOS DOS ANIMAIS

1.- Todos os animais nacen iguais ante a vida e teñen os mesmos dereitos á existencia.

2c.- Todos os animais teñen dereito á atención, aos cuidados e á protección do home.

6.- Todo animal que o home escolle como compañeiro ten dereito a que a duración da súa vida sexa conforme a súa lonxevidade natural.

11.- Todo acto que implique a morte dun animal sen necesidade é un biocidio, é dicir, un crime contra a vida.

12b.- Os dereitos do animal deben ser defendidos pola lei, coma o son os dereitos do home.

DECLARACIÓN UNIVERSAL
DOS DEREITOS DOS ANIMAIS

1.- Todos os animais nacen iguais ante a vida e teñen os mesmos dereitos á existencia.

2c.- Todos os animais teñen dereito á atención, aos cuidados e á protección do home.

6.- Todo animal que o home escolle como compañeiro ten dereito a que a duración da súa vida sexa conforme a súa lonxevidade natural.

11.- Todo acto que implique a morte dun animal sen necesidade é un biocidio, é dicir, un crime contra a vida.

12b.- Os dereitos do animal deben ser defendidos pola lei, coma o son os dereitos do home.